



BANDO INFORMATIVO

Rianxo, 21 de novembro de 2016

ASUNTO: Programa de vivendas baleiras

O Concello de Rianxo subscribiu un acordo co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para a súa adhesión ao convenio de colaboración entre este organismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) co fin de desenvolver o Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Outro parte do acordo é a de favorecer o acceso á vivenda a colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.

REQUISITOS:

- Ter uns ingresos anuais entre 1 e 2,5 veces o IPREM, que permitan facer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de arrendamento.
- Non dispor, a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia, dunha vivenda en propiedade.
- Atoparse nunha situación persoal ou familiar que supoña unha dificultade para acceder a unha vivenda de alugueiro no mesmo municipio.
- Non ter parentesco por vínculo de matrimonio ou outra relación estable análoga, por consanguinidade ou adopción, ata segundo grado, coas persoas arrendadoras.
- Acreditar que a unidade de convivencia non incumpriu reiteradamente as normas de convivencia

COLECTIVOS PRIORITARIOS

Son colectivos prioritarios para o acceso a este programa aquelas unidade de convivencia:

- Afectadas por procedementos de execución hipotecaria, ou desafiuzamento por non pagamentos de rendas da vivenda habitual
- Con fillos menores, familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- Vítimas de violencia de xénero
- Con persoas maiores de 65 anos ou persoas dependentes
- Beneficiarias de axudas ao aluguer no marco de programas xestionados polo IGVS
- Con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta

INFORMACIÓN

Servizos Sociais Comunitarios Básicos (Crta. de Tanxil, 12 // 981860061
www.concelloderianxo.gal / servizossociais@concelloderianxo.gal)

Adolfo Muños Sánchez
Alcalde do Concello de Rianxo